Outonos Cooperativos

Encontro inspiradores do mundo cooperativo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

2026

Proposta

Outonos Cooperativos propón achegar o cooperativismo a novos públicos a través de dúas xornadas en dúas cooperativas galegas de recoñecida traxectoria, poñendo no centro as persoas que están detrás dos proxectos e o coñecemento que nace das súas experiencias.

A proposta parte dunha idea sinxela: coñecer unha cooperativa é tamén coñecer as persoas que a construíron. Por iso, cada xornada combinará a visita ao proxecto cooperativo cunha historia de vida en primeira persoa e cun encontro con iniciativas cooperativas máis novas.

En cada cooperativa anfitrioa seleccionarase unha persoa socia cunha traxectoria significativa. Nas semanas previas, traballará acompañada por unha persoa especializada na preparación de relatos de vida para identificar os momentos, decisións, dificultades, aprendizaxes e experiencias que conforman a súa historia dentro da cooperativa.

O resultado será un relato de aproximadamente 20 minutos, de carácter próximo, emotivo e inspirador, que será presentado durante a xornada. Ademais, estas historias serán gravadas previamente nun formato de charla TED, co obxectivo de crear pezas audiovisuais breves e atractivas que permitan trasladar as experiencias máis alá das xornadas e difundilas a través das redes sociais.

A proposta complétase coa participación, en cada xornada, dunha cooperativa xuvenil vinculada ao mesmo ámbito de actividade. Deste xeito, as persoas participantes poderán coñecer tanto unha cooperativa consolidada como unha iniciativa impulsada por persoas novas, establecendo un diálogo entre traxectorias, xeracións e perspectivas diferentes.

Esquema de cada xornada

1. Recepción e visita á cooperativa (20 min)
A xornada comezará coa recepción das persoas participantes e unha visita guiada ás instalacións da cooperativa anfitrioa, para coñecer de primeira man a súa actividade.

2. Benvida institucional (10 min)
Unha vez rematada a visita, as persoas participantes reuniranse nun espazo preparado para o desenvolvemento da xornada. Neste momento terá lugar a benvida institucional, coa participación de representantes da Xunta de Galicia e do Consello Galego de Cooperativas, que contextualizarán a actividade e poñerán en valor o cooperativismo como modelo empresarial e de desenvolvemento económico e social.

3. Unha historia de vida (20 min)
Unha persoa socia da cooperativa, cunha traxectoria significativa no proxecto, compartirá durante aproximadamente 20 minutos a súa historia en primeira persoa: como chegou á cooperativa, que momentos marcaron o seu percorrido, que dificultades afrontou, que aprendizaxes acumula e que significa para ela formar parte dese proxecto colectivo.

4. Unha mirada nova (15min)
Participación dunha cooperativa xuvenil ou de recente creación, vinculada ao mesmo ámbito de actividade, que presentará o seu proxecto e a súa experiencia. Este encontro permitirá poñer en diálogo unha cooperativa consolidada cunha iniciativa máis recente, mostrando diferentes xeracións e formas de entender o traballo cooperativo.

5. Encontro e diálogo (20min)
Espazo final de conversa entre as persoas participantes, as cooperativas e o público asistente para compartir preguntas, experiencias e reflexións arredor do cooperativismo, o emprego e o emprendemento colectivo.

Público



A proposta está dirixida a dous públicos principais:

Alumnado de Formación Profesional, especialmente de ciclos relacionados co ámbito de actividade das cooperativas participantes.

Persoas emprendedoras ou interesadas en desenvolver novos proxectos, en colaboración cos Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego.

A selección dos públicos adaptarase á actividade de cada cooperativa. Así, por exemplo, unha xornada centrada no ámbito dos coidados poderá dirixirse a alumnado de ciclos relacionados coa atención ás persoas, mentres que unha cooperativa do ámbito da educación poderá vincularse a ciclos relacionados coa intervención social, a educación ou a animación sociocultural.

Obxectivos



Achegar o cooperativismo a novos públicos desde unha perspectiva próxima e experiencial.

Dar visibilidade ás persoas que están detrás dos proxectos cooperativos e ás súas historias.

Poñer en valor o coñecemento e as aprendizaxes acumuladas polas cooperativas de longa traxectoria.

Amosar o cooperativismo como unha opción profesional e emprendedora.

Facilitar o contacto entre cooperativas consolidadas, iniciativas xuvenís e de recente creación, alumnado e persoas emprendedoras.

Xerar contidos audiovisuais que permitan ampliar o alcance da actividade e divulgar o cooperativismo nas redes sociais.

Historias de vida

Poñerlle voz ás persoas que fan posible o cooperativismo

Un dos elementos centrais de Outonos Cooperativos serán as historias de vida de dúas persoas importantes para o cooperativismo. Queremos coñecer os proxectos a través das persoas que os construíron, das súas experiencias, decisións, dificultades e aprendizaxes.

Seleccionaremos unha persoa cunha traxectoria significativa dentro de cada unha das cooperativas que nos acollen.

Coa axuda dunha profesional da comunicación, identificarán os momentos máis relevantes da súa traxectoria para transformar a súa experiencia nun relato próximo, claro e emocional, duns 20 minutos de duración, que será compartido durante a xornada.

O relato non será unha presentación sobre a cooperativa, senón unha historia persoal que permita salientar os valores cooperativos e o mundo do cooperativismo desde dentro.

Ademais, cada historia será gravada tamén en vídeo cunha realización audiovisual coidada, creando unha peza breve e dinámica para a súa difusión posterior nas redes sociais e permitindo que estas experiencias cheguen a novos públicos.

Porque detrás de cada cooperativa hai unha historia. E detrás desa historia, persoas.